

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR DA XUNTA DE GALICIA E A COOPERATIVA DE ARMADORES DE PESCA DE VIGO (ARVI)

En Santiago de Compostela, o día **08 XUN. 2017**, na sede da Consellería do Mar,

REUNIDOS


Dunha parte, a Conselleira do Mar, Dona Rosa María Quintana Carballo, de acordo co Decreto 148/2016 de 13 de novembro, polo que se nomean ós titulares dos departamentos da Xunta de Galicia (DOG Núm. 217 de 14 de novembro) investida das facultades conferidas, polo artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia,

E doutra, José Antonio Suárez Llanos Rodríguez, director xerente da Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI), con sede en Porto Pesqueiro, edif. Ramiro Gordejuela 36202 Vigo (Pontevedra), inscrita no Rexistro Especial de Cooperativas por Resolución da Dirección Xeral de Promoción Social con data 7 de abril de 1.965, co nº 12.267, actuando na súa representación, de conformidade co disposto na escritura de poder de data quince de novembro de dous mil dezaseis ante o Notario de Vigo, D. José María Rueda Pérez con número de protocolo 2.478.

EXPOÑEN

PRIMEIRO:

Que as administracións públicas poden asinar convenios de colaboración con entidades pertencentes ao sector privado, segundo dispón o artigo 4.1.d) do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, sempre que o seu obxecto non estea comprendido na dita lei ou en normas administrativas especiais.

SEGUNDO:

Que o Estatuto de Autonomía de Galicia atribúe á Comunidade Autónoma, no seu artigo 28º, a competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado no ámbito da ordenación do sector pesqueiro. Neste sentido o artigo 3.4 da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, inclúe dentro das materias correspondentes á competencia da Comunidade Autónoma as relativas á ordenación do sector pesqueiro galego, á ordenación das estruturas, aos mercados, á comercialización, á manipulación, á transformación e á conservación dos produtos pesqueiros e a promoción das estruturas de comercialización mediante o apoio aos sectores produtivos na distribución dos produtos do mar.


Neste sentido a Consellería do Mar ten entre os seus obxectivos prioritarios a potenciación, difusión e promoción dos sectores e produtos pesqueiros galegos, co fin de intensificar o coñecemento dos mesmos e incrementar así a súa competitividade.

TERCEIRO:

A "Cooperativa de Armadores de Pesca del Puerto de Vigo, Sociedad Cooperativa Gallega" (en diante, ARVI) é una institución que representa a todos os segmentos da flota e que exerce a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia. ARVI e as asociacións que a integran constitúen o grupo de armadores de buques pesqueiros máis importante de España e un dos máis importantes da U.E. Desenvolve para o sector actividades de formación, prevención de riscos laborais e promoción da investigación, desenvolvemento e innovación, entre outras, e ten, entre os seus fins, a promoción de especies (promover o valor engadido e a calidade das especies pesqueiras) e prospección de novos mercados para a introdución de novas especies. Neste liña de actuacións está a organización da " IV Conferencia Internacional ARVI sobre el futuro de la pesca" e o "Festival ARVI do Peixe". Os estudos económicos realizados avalan a viabilidade futura do festival en vindeiras anualidades.

Que por canto a Consellería do Mar e ARVI están interesados na potenciación dos produtos da pesca en Galicia así como na mellora da situación socioeconómica das xentes que viven desta actividade, polo que cómpre establecer as condicións que permitan a coordinación de accións de promoción das especies e prospección de novos mercados.

Sendo a única asociación do sector da pesca, capacitada para executar o investimento inmaterial obxecto deste convenio de colaboración, polo que non sería posible promover a concorrencia competitiva con outras asociacións do sector.



Que por canto a Consellería do Mar e a Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) están interesados na potenciación dos produtos da pesca en Galicia así como na mellora da situación socioeconómica das xentes que viven desta actividade, polo que cómpre establecer as condicións que permitan a coordinación de accións de promoción das especies e prospección de novos mercados.

No marco do presente convenio desenvolveranse diversas accións de promoción do sector e mellora da comercialización coa organización da "IV Conferencia Internacional ARVI sobre el futuro de la pesca", a celebrar o 22 de xuño de 2017 en Vigo e o "Festival ARVI do Peixe" a celebrar do 7 ao 9 de xullo de 2017 en Vigo .

CUARTO:

Que as partes anteriormente referenciadas consideran de mutuo interese a realización da "IV Conferencia Internacional ARVI sobre el futuro de la pesca", o "Festival ARVI do Peixe" e que estas actividades redundarán nunha mellora do sector pesqueiro.

QUINTO:


Que para o desenvolvemento das actividades que se indican máis adiante, as partes, de forma conxunta, dispoñen de medios humanos e materiais suficientes.



Na súa virtude, e dada a existencia dun interese coincidente, ambas partes acordan formalizar o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO.

O obxecto do presente convenio é establecer as bases de colaboración entre a Consellería do Mar e a Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) para a realización de diversas accións de promoción do sector e mellora da comercialización coa organización da "IV Conferencia Internacional ARVI sobre el futuro de la pesca", o "Festival ARVI do Peixe". As accións específicas que se van realizar derivadas deste obxecto son as que siguen:





1. "IV Conferencia Internacional ARVI sobre el futuro de la pesca":

A) Por parte de ARVI:

- Accións de promoción dos produtos galegos do mar, especialmente dos produtos das flotas de pesca de Galicia dentro das comidas do Congreso e das degustacións para a promoción do evento.
- Promoción da asistencia dos principais distribuidores de peixe de España, dado que o sector da distribución é o principal motor de atracción do resto de empresas da cadea de subministracións.
- Organización previa do evento.
- Elaboración, edición e distribución da documentación.
- Xestión da axenda dos poñentes: desprazamento e aloxamento.
- Dirección técnica, produción e comunicación.


B) Por parte da Consellería do Mar:

- Apoio á organización do evento (que inclúe gastos de persoal, sede, medios audiovisuais, servizos de azafatas, edición de programas, intérprete, etc...).
- Apoio á calidade dos contidos do Congreso a través da programación de poñentes de recoñecido prestixio.

2. "Festival ARVI do Peixe"

A) Por parte de ARVI:

- Organización de obradoiros e actividades lúdicas.
- Promoción e difusión do evento.
- Xestión do espazo gastronómico.




- Montaxe e xestión de stands.
- B) Por parte da Consellería do Mar:
- Apoio á organización de obradoiros gastronómicos e actividades lúdicas.
 - Apoio á promoción e difusión do evento.
 - Apoio á organización do evento (que inclúe gastos de persoal, medios audiovisuais, stands, mobiliario, servizos xerais, espazos gastronómicos etc...).

SEGUNDA.- CONDICIÓN ECONÓMICAS.

A Consellería do Mar contribuirá á realización das accións comprendidas no obxecto do presente convenio cunha achega económica, que ten como finalidade compensar á Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) polos gastos nos que incorre como consecuencia de levar a cabo as actuacións obxecto do convenio, cifradas na cantidade de CIENTO CORENTA MIL CATROCENTOS NOVENTA E SETE EUROS E VINTE E SETE CÉNTIMOS DE EURO (140.497,27€), con cargo á aplicación orzamentaria 2017.14.02.723B.640.0, código de proxecto 2016 00286S, dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2017, sendo esta partida económica axeitada para asumir o custo desta acción por considerarse pola súa propia natureza como un activo configurado como un investimento de carácter intanxible que deberá incrementar o valor das políticas públicas acometidas pola Consellería do Mar neste ámbito e que non dará lugar a investimentos reais de carácter material.

As actuacións recollidas no presente convenio son financiadas, nun 75 %, co Fondo Europeo Marítimo da Pesca (FEMP). Faise constar tamén a elixibilidade da actuación que se pretende a través da contratación que se propón no marco da Prioridade da Unión, Obxectivo e Medida do FEMP: 5.1.3: Medidas de comercialización, prevista no artigo 68 do Regulamento (UE) 508/2014, do 15 de maio. Esta participación farase constar en todas as actuacións se realicen ao abeiro deste convenio.

A Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) empregará a totalidade da achega económica desta cláusula nas accións derivadas do obxecto deste convenio, non obtendo ningún beneficio económico desta consignación orzamentaria.



Farase un único pago contra da presentación das facturas polos investimentos inmateriais realizados, aos que se xuntarán certificacións actualizadas expedidas por cadansúa administración que acrediten que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e sociais, así como que non ten débedas pendentes contraídas coa Administración da Xunta de Galicia. As facturas deberán ser conformadas pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica para estes efectos.

Para facer efectivo o último pagamento presentarán a memoria á que se fai referencia na cláusula terceira seguinte.

TERCEIRA.- OBRIGAS

A Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) obrígase a realizar as accións especificadas na cláusula primeira do presente convenio.

No marco do presente convenio, a Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) obrígase a facer constar a participación da Consellería do Mar nas exhibicións publicitarias que teñan lugar no marco deste convenio.


Finalmente presentará diante da Consellería do Mar unha memoria descritiva da realización do obxecto do convenio.

CUARTA.- RÉXIME DE PERSOAL

A realización das actuacións previstas neste convenio non levará consigo ningún tipo de relación de carácter laboral entre a Consellería do Mar e as persoas que interveñan ou puideran intervir na súa execución, sendo a Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) responsable das obrigas sociais e laborais que se puideran derivar da contratación, pola mesma, do referido persoal.

QUINTA.- SEGUIMENTO.

Aos efectos de coidar do cumprimento de estipulado no presente convenio créase unha Comisión de Seguimento do mesmo, que estará composta polo xefe do Servizo de Mercados, en representación da Consellería do Mar, e polo xefe de Planificación, Proxectos e Innovación, en representación de ARVI. A dita comisión, que se xuntará a petición de



calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do convenio.

Neste senso, a Cooperativa de Armadores de Vigo (ARVI) atenderá ás indicacións, suxestións e requirimentos que se lle formulen desde a Consellería do Mar en relación co obxecto do presente convenio.

SEXTA.- VIXENCIA.

A vixencia do presente convenio estenderase desde a súa sinatura e ata 15 de decembro de 2017, non sendo susceptible de prórroga.

SÉTIMA- RESOLUCIÓN.


Serán causa de resolución do convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento das cláusulas contidas no mesmo.

OITAVA.- CARACTER DO CONVENIO

Este convenio ten a natureza dos previstos no artigo 4.1.d do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e os principios xerais resultantes da citada Lei.

NOVENA.- LITIXIOS.

As cuestións controvertidas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán ser solucionadas pola Comisión de Seguimento á que se refire a cláusula quinta anterior. Se non se puidera alcanzar dito acordo, as posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso- administrativa.





**DÉCIMA. AUTORIZACIÓN PARA A PUBLICACIÓN DOS DATOS DOS ASINANTES
NO PORTAL DE TRANSPARENCIA**

Consonte ao establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio e mais no resto das especificacións contidas no mesmo poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

E para que así conste, en proba de conformidade e previa a súa lectura, as partes asinan o presente convenio por triplicado exemplar e a un só efecto no lugar e data ao comezo indicados.

Pola Consellería do Mar



A conselleira



Rosa María Quintana Carballo

Por ARVI

O director xerente



José Antonio Suárez LLanos Rodríguez